

Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, SA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará con Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal SA, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue aos actos de celebración do Día das Letras Galegas 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os elementos necesarios para o desenvolvemento das accións encamiñadas á divulgación da lingua e da cultura galegas, con ocasión da celebración do Día das Letras Galegas 2021, nos trens e servizos de Renfe Viajeros fomentando tamén o uso deste transporte público para desfrutar da axenda cultural que desenvolveu en diferentes localidades galegas. Renfe Viajeros acondicionou os espazos de información das estacións de trens para expoñer os carteis dos gañadores do Concurso das Letras Galegas 2021 e a imaxe promocional da Xunta de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste acordo manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da



Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega coa finalidade de desenvolver accións conxuntas de dinamización da lingua galega dirixidas a sociedade galega en xeral e, deste xeito, lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos, servizos e recursos lingüísticos en galego que permitan a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persecue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do acordo e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no acordo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

